

afamadas e tradicionais

festas da rua

5 e 6 de setembro

espírito santo
(rua de baixo)

este ano
dous dias
quem nom quiere caldo...



as m.arias
COMI. DE FESTAS



GARUM

Praciña das Penas, 1
Santiago de Compostela

981571498

Info@bar-garum.com

café-bar

ANTONIO PELUQUEROS

SANTA CLARA 15
TELF.: 981 56 63 80
CITA PREVIA

CASA PEPE TABERNA

Caldos - Embutidos - Quesos y Tostas

**Cantón de San Bieito, 5 - Bajo
15704 Santiago de Compostela**

Teléf. 981 58 41 62



San Roque, 33 - baixo
15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 56 15 96
Fax: 981 55 43 01

- COMPRA
- ALQUILER
- VENTA
- PERMUTA
- PROYECTOS Y ARQUITECTURA
- GESTIÓN DE SUELOS

entrevista a sindo

por carme e blanca da comisión de festas

Unha tarde de agosto achegámonos á casa de Carmela e Sindo, coa intención de facer unha entrevista á persoa que durante tanto tempo tirou para diante estas festas. Recebéronnos no que era o bar “Casa Antonia”, con auga fresca (a calor na rúa era insuportable), unha conversa agradable e nun local que aínda nos fai lembrar moi bos momentos pasados nel.

Dende que ano traballas na organización das Festas do Barrio?

Sindo: Dende que casei con Carmela, no ano 1969. O meu sogro encargouse durante moitos anos da organización das festas. Despois seguíu coa tradición.

Ti xa eras festeiro cando viñeches ao barrio?

Sindo: É que eu son de Conxo e alí hai moita tradición festeira. A min gustábanme e ademais aquí a xente era moi agradecida e viña ás festas. Enchían a rúa!

Canta xente chegou a ter a comisión de festas?

Sindo: En xeral, cando máis, estabamos Lito, Cuadrado, Santi, o Sr. Antonio, Chapela e eu. Tamén axudaban a buscar orquestras e pedir presupostos Tucho e Guille. Aínda que despois quedamos Cuadrado, o de telégrafos, e máis eu. O que pasa é que o que fai as festas é o que carga con todo. Ao final quedas só.

Lembras a primeira cantidade que pediches á veciñanza para as festas? (esta pregunta non tivo unha resposta clara; nin Sindo nin Carmela lembran a cantidade fixa e iso

que buscaron nos papeis e facturas do pasado. Si hai acordo coas últimas festas antes do “parón”, a cota mensual do ano 1996 foi de 300 pesetas).

Que era o mellor e o peor de organizar as festas?

Sindo: Malo, malo, non había nada. Coa xente moi ben, pero as veces había que escoitar comentarios... Eu ía cos gaiteiros á





praza do mercado, ao bar Club e máis ao Calpe, cun cestiño e a xente daba cartos e mercaba rifas. Logo facíamos unha paradiña para tomar o pulpo nos “Sobriños do pai”. Íamos incluso ás festas de Guadalupe, onde eramos ben recibidos.

Por que o deixaches?

Sindo: Estaba canso, non disfrutaba das festas, nen sequera comía na casa e a xente xa non daba como antes.

Que che parece que se recuperen?

Sindo: Parécese moi ben, sempre fun moi festeiro e gústame que sigan, pero penso que a xente debería colaborar un pouco máis.

(Esta vai para Carmela) **Tantos anos tendo ao organizador das festas na casa e nunca baixabas ata a fonte. Este ano sen o Bar, irás ás festas?**

Carmela: Agora si. Cando vivía miña nai ela quedaba no bar e eu facía unha escapadiña. Este ano iremos.

Por último, sendo ti o “fogueteiro maior do barrio” quédanos por preguntarche se botarás as bombas este ano.

Sindo: O fogueteiro do barrio foi o pai do “Canario” mentres viviu. Eu non o coñecía. Eu empecei cando casei e dende aquela fágoo sempre.



Tejidos Maribel

rúa espirito santo 52
tel.: 981 58 25 73

Zaida Bárcena Peluquería 

ZB

E
s
t
é
t
i
c
a

pierna entera e ingle
9,50 €

Santa Clara, 16 • Santiago
Tfno.: 981 576 335

programa:

5 de setembro

21h30 início da festa: sangria de balde, música...

22h00 entrega do prémio ao melhor farol
mostra de fotos das festas (antigas e actuais)

22h30 contos com carlos santiago

23h00 foliada amenizada polo grupo

LINCORNE e ao acabar: **discoteca na rua!!!**

Sábado 6 setembro

11h00 passaruas com cabeçudos, bombas de palenque e o grupo de gaitas da gentilha

13h30 pregom do canário e victor lourenzo (do grupo mofa e befa)

e sessom vermu co grupo **CASINO GALICIA**

17h30 festival de tarde com jogos populares

18h00 títeres alakran co espectáculo: **pekeno kabaret de tios**

18h00 campeonato de chave e rá

18h45 obradoiro de bailes do mundo

21h30 grande concerto

charanga: **MAGNIFIQUE BANDE DOS HOMES SEN MEDO**

grupo **SALÓN**

OS TRES TREBONS

eurolote
0/5


ADMON. LOTERÍA PICHITA Nº 10

www.loteriapichita.es

Tfno: 981.583.038

Loterías y Apuestas del Estado

R/ Santa Clara Nº 18 Bajo
Santiago de Compostela - 15704 A Coruña



CANTOM DO S. BIEITO, 4
COMPOSTELA

Café - Bar

LEIS

Ventura Leis Villar
N.I.F. 76.457.114 - P

HABITACIONES DOBLES E INDIVIDUALES

Basquiños, 17 • Teléfono 981 581 112

SANTIAGO DE COMPOSTELA



TARASCA

Entremuros, 13
Compostela • Galiza

palabras cruzadas por marga albores

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
1		■		■								■		■
2			■			■				■				
3	■						■				■			
4			■					■					■	
5				■			■		■			■		
6			■		■								■	
7	■					■		■		■				■
8				■							■			
9					■		■						■	
10	■			■				■						
11							■			■				■
12	■							■						
13		■		■		■			■			■		
14			■								■			■

HORIZONTAIS

- 1- 1ª Letra - Nada de nada - A súa casa, mais que bar era o Centro Social do barrio - Cen
- 2- Entérase do que está escrito - Escoita - Nave - Cren nas promesas dos que non pagan
- 3- Fogueteiro, organizador de festas e excursións... a alma do barrio! - Parte do ano - (Ao revés) escoitas
- 4- Antiga cidade de Mesopotamia - (Ao revés) Con eles cómprase o bo tempo a Sta. Clara - Nome do zapateiro que traballou na casa do Pena - Victoria!
- 5- Neste barrio, o mellor é o que vende Mari Carmen - Anfíbio croador - Artigo feminino - Exclamación que rima con cabrea - Nota musical
- 6- Siglas de: Alcalde Nugallán - Existe - Nome da mais nova das dúas Marías - Plural
- 7- Mamotreto que este ano achica o campo da festa - Un romano - Consoante - Saúde
- 8- Central si, pero de intelixencia? - Fáltalle unha letra para que sexa o nome dunha praza do barrio - Debería

- de haber un, que lle repetira as promesas aos políticos
- 9- (Ao revés): Empresa de transporte - Esta letra repetida indica teimosía - (Ao revés) Canto mais animal é, mais convencido está de ser superior á femia - Cincocentos
- 10- Siglas de: Rabudos integrais - Existir - Se algún baixase sen mirar o chanzo-trampa que deixaron xunto da farmacia, faríao
- 11- Santos, ou non, hai moitas no barrio con ese nome - Afirmativo - Debería haber un xogo deses no patio do Trece
- 12- Aínda que algúns reneguen deste xerro, dalle moita vida ao barrio - Confundindo as cañerías do barrio con rodas de bicicleta, o concello pon un en cada avaría
- 13- Dise das películas eróticas - Plural - Cen romanos - Siglas de: Unión Europea - Deus exípcio - Parte do corpo que ten un ollo cego
- 14- Dícimolo todos cando algo nos doe - Tómache o pelo, canta claro e é un bo paxaro - Voz do burro

VERTICAIS

1- Siglas de: Alcalde Lingüereta - Dinno os nenos que queren subir ao colo - Negación - Consoante - Agora mesmo!

2- (Ao revés) Faino moita xente cando pasa por diante do convento do Carme - Un

3- Cero - Vogal anoréxica - Símbolo químico do Nitróxeno - (Ao revés) Parecido

4- Illa galega - Pronome persoal - 1ª letra - Siglas de: Raposiles Cangallos - Símbolo do carbono

5- (Ao revés) Dá unha volta darredor - Voz do lobo - (Ao revés) Paos cortados para queimar

6- Consoante - (Ao revés) Fago un buraco na terra - Nome do mellor bar da rua santa clara - Nitróxeno outra vez

7- Siglas de: Toma Nota - Vogal obesa - (Ao revés) Auga que corre do monte ao mar - Letra moi teimosa - Fermoso satélite da terra

8- Nome do chinés mais famoso - Voz militar - Nome dun río galego - Letra sinuosa - (Ao revés) Nota musical

9- Ese papá ven sempre cargado de regalos - (Ao revés) Reparte sorte no barrio - Vogal

10- (Ao revés) Nome do bar de Ventura e Rosa - Alá non, mais pertiño - Uns póñenno na orella, outros no nariz ou no dedo - A ver se este ano o fai aquí a lotería

11- (Ao revés) 4ª nota musical - (Ao revés) Escoltaban - (Ao revés) Pega duro

12- Nen isto nen aquilo - (Ao revés) Con esa muller o bar case cumpre cen anos - Un romano

13- A chuvia faino do ceu - Consoante - (Ao revés) Negación - Inflo

14- Se son da Galiza, é o nome dun xornal que se fai no barrio - Quevedo fixo un poema deses ao peido - Nen ti, nen el nin ela tampouco

Busca 16 nomes de nenos e nenas que viven no barrio

D	E	Z	A	S	E	I	S	A	W	A	Z
Q	S	R	R	V	Z	M	A	L	E	N	A
A	B	N	B	Q	R	Ñ	K	B	S	D	Q
N	U	N	E	R	E	A	T	A	N	R	B
T	K	X	Z	N	U	N	O	Q	P	E	E
I	R	I	A	Z	O	R	M	L	A	A	A
A	S	I	E	R	K	S	E	Z	B	M	K
X	Z	W	S	L	U	I	S	A	L	X	M
R	Q	M	R	T	S	W	M	D	O	N	A
M	S	N	T	M	A	R	I	Ñ	A	Z	T
S	A	D	R	I	A	N	Q	N	M	Q	E
A	R	Q	W	S	N	B	A	R	R	I	O



HOTEL SANTA CLARA

Santa Clara, 12
Tel.: 981 574 003


FARMACIA



SANTA CLARA

Lcda: Elena Mendizábal
Urdampilleta

Tlfno.: 981 58 33 53
Avda. Sta. Clara, 11
Avda. Coimbra, 2
STGO. DE COMPOSTELA



Construcción y Promoción
de Viviendas

MGC
CONSTRUCCIONES S.L.

Construcciones MANUEL GARCÍA CARREIRA

Algalia de Arriba, 2 - bajo

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Teléf.: 981 558 896

Fax: 981 554 810

gestion@mgarciacarreira.com

Supermercados

FROIZ




benvindas as propostas para revitalizar o barrio

Alá, na rua do Espírito Santo, encontrarás un sitio estraño. Disque se chama “a rua das tres aceras”.

A rua é, nese lugar, mais larga, e podes ver unha vella fonte de pedra entre os coches estacionados.

...Din tamén que ese lugar aínda daba para facer algo de proveito no barrio... e iso aínda era para pensalo ben, ou non era?



O primeiro é limpar, limpar e recolorar: retirar algúns coches para termos sitio para nós. Retirar tamén os cabos que voan dun lado ao outro da rúa e dar unha man de pintura às farolas, ou trocalas por outras novas que den máis luz, que tampouco é tanto gasto...

E despois, se aínda fican cartos, podía facerse dese tramo tan especial da rua unha praza para o lacer da xente que por aquí vive.


E como é moito o que aquí chove, parece lóxico ter unha pérgola que nos protexa da chuvia. E xa de pedir, pedimos que sexa transparente para que nos días escuros de inverno o espazo non fiquese triste nin perigoso. E para que no verán tamén sexa agradábel, podían plantar algo verde que ademais nos alegrase a vista todo o ano.

Ainda podemos incluír unhas plataformas de madeira que, colocadas con xeito sirvan para sentarmos nalgo máis cómodo e seco que as pedras. E cuns paneis solares no tellado teríamos iluminación e mesmo internet WI-FI.

E todo alí, nese sitio que chaman “as tres aceras”...



CONFITERÍA - PASTELERÍA



C/. BASQUIÑOS, 13-15
TELF.: 981 573 433

A CORUÑA
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA



CLINICA
VETERINARIA

SAN ROQUE

Rúa San Roque, 24 Baixo

Teléfono 981 58 72 33

URXENCIAS 24 H.: 607 95 22 70

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA



o teu estanco en...

EXPENDEDURÍA nº 23

Rúa Pastoriza, 22 baixo
15704 Santiago de Compostela

O Vampiro de Santa Clara

por Carlos Santiago

Rula polo barrio, xa de moitos anos para acá, un vampiro máis afeccionado ao viño que ao sangue, moi amigo de chantar os caninos no xamón antes que nun pescozo e gran falador, que a estirpe maldita do musabello é de boa lei e sábeche todo sobre as artes de vivir, ben que no seu caso, é de ver, as tales artes sonvos principalmente as de vivir morrendo e as de morrer vivindo. Aí no Trece xa lle teño escoitado eu algunha conversa de coidado sobre a mala calidade actual do sangue adolescente, que ao que parece vén sempre moi licuada de botellón, bebida que o guicho anoxa case tanto coma os allos

- oes Josinho, nom lhe botes alho às lentelhas que logo nom durmo

O Alexander, nome polo que atende o lambirón, conta cando lle peta que é vampiro bielorruso, porque os seus devanceiros proceden do principado de Pólatsk, onde ostentaron durante séculos un condado outorgado polo Gran Duque Mindaugas no tempo das invasións dos cruzados bálticos. Iso, ben se adiviña, leuno todo no Google, porque á parte do viño, a leria e o xamón, ao Alexander prívannlle moito a internet e as novas tecnoloxías, e, por outra banda, non hai por que enganarse, o da orixe bielorrusa ten máis de conto chinés que de lenda eslava.

Unha das súa vítimas máis recentes, unha rapaza de Ultraia que baixaba soa o martes pasado por Espírito Santo despois da medianoite, ofreceulle un Ipod en troques de deixala vivir. O Alexander só lle chuchou media medida de sangue, porque andaba sedento de varios días, e aceptou a troca. Deixou á rapaza medio aparvada xunto da fonte e foi tomarlle un viño ao Lens, ledo coma un morcego co seu novo e moderno brinquedo. O Ventura, o dono do Lens, andaba xa a fregar o chan e así que o viu entrar voando arreoulle un pao coa fregona por lle enzoifar o local co sangue da rapaza que aínda lle pingaba da boca. Nin o viño lle puxo, e o espertello boiou medio alelado para a rúa, a chocar con todas as farolas, tan desorientado lle deixou o radar o fregonazo. Agora pasa o día no cadaleito cos cascos postos a escoitar cancións de Lou Reed ou a Obertura 1812 de Tchaikowski. Polo visto a carga da cabalería rusa ponlle as pilas cando anda deprimido e as cancións de Lou Reed axúdanlle a combater o insomnio e a aprender inglés a un tempo.



Di o Canario, o da barbería, que o caixón o ten no soto do convento de Santa Clara e que ás monxas non lles importa, que a compañía que dá o demo non a dá deus ou viceversa, xa nin lembro como era o conto. O Canario faille sempre ao Alexander un apaño no corte de cabelo para encubrirlle as entradas e engómalle as canas con Just for Men, para que as mozas que vai morder non lle cachen a idade de primeiras.

- Iso do caixón díxomo un día que veu cortar o pelo. Vén sempre no inverno, porque no verán cae a noite máis tarde e xa estamos pechados.

Seica o Alexander non chucha no convento porque as monxas son poucas e tampouco é cousa de deixar a congregación a dúas velas. As monxas téñenlle a cova limpa e desinfectada e o único que as amola é que ande a ouvear polas chemineas nas noites de luar. Non porque as chemineas podan sufrir dano, senón porque o ouveo non as deixa durmir. O chuchón, cando lle dá por armarse en lobisome no tellado de Santa Clara, ouvea mellor polo agudo que polo grave e por iso, cando o plenilunio, non hai quen concilie o sono como é debido entre a Almáciga e San Roque. Penso eu que o fai a posta, por marcar paquete de animalia sobrenatural.

Ao Alexander alcúmano os veciños de Conde Crápula, só por aquela de se meteren con el, que despois de tantos anos toda a xente lle ten estima e aínda os da asociación veciñal andan a pensar en pedirlle unha subvención ao alcalde polo atractivo turístico de ser barrio vampiresco.

- Buscastes ao Bughallo! Non vos arreghla as aceras e vaivos dar cartos por un vampiro.

O certo é que vivir cunha samesuga a roldar polo barrio tampouco é doado, máis que nada polas vítimas. Xa non é a primeira que hai que levar en taxi ao clínico a que lle fagan unha transfusión. Mais o Alexander é veciño ben disposto, de trato aristocrático e feitío sociábel, e quen máis e quen menos toléralle as arroutadas sanguinarias con ánimo ecuánime.

- Cada quen é como é e iso hai que respetalo. Ademais, niso de chupar sangue, vale máis que te chuche un vampiro e non a Xunta, que polo menos así sabes a quen lle aproveita.

Non obstante, malia o espírito comprensivo do común dos veciños, non toda a xente está convencida da condición nosferática do Alexander e ás veces, nas tascas de Basquiños, suscítanse enconadas discusións sobre o asunto entre a clientela máis teimuda.

- Pero tío, que dis? Se os vampiros non existen!

A el tanto lle ten o debate

- Olha Santiago, já bem devo levar eu, assim polo baixo, quase setecentos anos de vampiro, já vivim o feudalismo lituano e mais o comunismo ruso, e o que pense a gente nos bares importa-me un caralho. Que o mesmo vinho non lhe acae igual a todo o mundo e o pontinho de cada quem mellor que um nom o sabe ninguém.

Ultimamente o guicho meteuse nun curso de pandeireta no Pichel e anda chufándose por aí de reintegrata de primeira hora, porque unha vez nos setenta foi ás aulas de Carvalho Calero a zugar estudantes de filoloxía.

- as chavalas com estudos universitários temhem o sangue mais frio, que é como mais presta sendo bielorruso como eu som. Já o vampiro rumano gosta dos leucócitos mais cálidos, pôrque é mais latino, mais do sul, nom sabes?

É todo a mesma treta, o do reintegracionismo e o do curso, que o de tocar a pandeireta tampouco lle deu por afección musical. Xa me diredes vós, se o sabedes, onde se viu algunha vez un vampiro con gosto de repeniques e muiñeiras. A argallada vén máis porque no curso se lle pon a dente moito pescozo feminino e o tipo está encantado. Non é que os pescozos masculinos non lle chisten, que na cuestión nutritiva non fai distincións, pero dis que os pescozos femininos lémbrranlle a carne de boi que servían nunha taberna de Minsk, a capital de Belarús, unha carne moi tenra e gorentosa, pouco feita, e que morder mulleres tráelle esas saudades bovinas.

Éche así o individuo, o Alexander, un vampiro lambón e bielorruso, un vampiro de barrio, o vampiro de Santa Clara. Eu conto o caso por ben, pero se non o credes, que deus vos colla confesados, que a el o que pensedes vós, xa queda dito, impórtalle un carallo e calquera día destes aínda vos chanta o cairo nunha esquina e non hai escepticismo que vos libre dunha transfusión no clínico.

- diz que sim, Santiago, que quanto mais céptica é a mente mais rubicundo é o sangue. Traz-me outro vinho, Josinho, que morro com a sede!



entrevistas

- 1. Levas muito tempo vivendo no bairro? Porque decidiche vir para aqui?**
- 2. Que pensas que lhe fai falta ao bairro?**
- 3. Que actividades gostarias de poder fazer no bairro?**
- 4. Que che parece que se recuperem as festas?**

Fernando Veiga (espírito santo)

- 1.** cheguei em abril, e realmente nom foi umha decisom premeditada, mais bem coincidiu-me. Estava a buscar umha casa velha e topei este. Umha vez instalado vim que era um bairro agradável, com ambiente de bairro.
- 2.** pois acabo de chegar e ainda nom fago muita vida aqui, pero o que primeiro se me vem a mente é por exemp`lo, a rua fose pedonal hoje sem ir mais lonje tivem que colher a bici em braços para poder mete-la na casa.
- 3.** Gostaria que hoversa partidas de tute, onde vivia antes jogava todos os dias, polo menos botavamos umha partida diária
- 4.** Magnífico!! Parece estupendo todo o que seja festa, mover à gente,..., fazer actividades sempre merece a pena.



Ramón (espírito santo)



- 1.** Instaleime na Rúa de Abaixo no ano 2006. Cheguei ao barrio por un golpe de sorte, case non o coñecía pero cando me xurdiu a oportunidade de vivir aquí non o dubidei nen un segundo e foi unha decisión da que estou encantado.
- 2.** Paréceme que está bastante deixado polo concello, deberían ter en conta as peculiaridades do barrio, no límite da zona vella; parece que para o mao somos zona vella e para o bon non.
- 3.** Paréceme que, en comparación con outras zonas, fanse bastantes cousas, pero sen nengún apoio institucional, cousa que debería cambiar.
- 4.** Moi ben, é unha forma de dinamizar e unir a xente do barrio, e facer algo para toda a xente (interxeracional). Ademais, son moi animadas e divertidas.



Angelines Figueiras (Tejidos Maribel)

- 1.** Eu sou daqui, da rua de baixo, no número 34.
- 2.** Gostaria que fosse mais ampla para a nossa comodidade, que nom se pudesse estacionar aos dous lados... ainda que isso deveria ser trabalho do governo municipal.
- 3.** Pois por exemplo aulas de manualidades estariam bem, actividades de ócio para a gente mais nova...
- 4.** Eu gosto das festas, a pena é se me toca trabalhar, porque o ano pasado vim e passei mui bem, desfrutei muito.



Gerardo Cerqueiro (Rua de Baixo)

- 1.** A casa onde eu vivía nom reunía as condicións necesarias; tinha dous quartos e umha sala e éramos quatro persoas. Vim para aquí há 33 anos porque havia um andar que reunía as condicións.
- 2.** Primeiramente os lastros (as pedras da calçada) haveria que amanhá-los porque ainda se vai matar alguém; a rua está demasiado estreita, e se um carro quer transitar temos que subir às portas das casas por falta de espaço.
- 3.** Qaulquer cousa do ámbito da cultura estaria bem, gostaria de ter umha biblioteca para ler... tantas de cousas... mas para todo isto debería haver uniom, cousa que parece nom acontecer.
- 4.** É umha cousa maravilhosa, ainda que nom sei se toda a gente pensará igual...

Uxia Senlle (espírito santo)

1. Vin para o barrio porque quería estar nun lugar céntrico e tranquilo. Gostei da casa pero sobre todo, do son da fonte que teño fronte á morada. Vin no mes de abril deste ano así que estou, coma quen di, recién chegada. Pero estou bastante integrada e tratando de coñecer mellor o barrio e a súa idiosincrasia. Por agora sei que é bastante festeiro e que hai moita xente con ganas de dinamizar culturalmente esta zona.

2. Eu creo que temos as necesidades bastante cubertas pero a min gustárame que fose só para peóns; o que peor levo é o tema dos coches. Sei que son necesarios pero nunha cidade como Santiago debería reducirse o seu uso.

3. A Gentalha do Pichel ten moita actividade da que podería participar o barrio. A min paréceme que hai que reforzar o que xa existe e colaborar para que medre e se consolide. Despois pediría que na programación das Festas do Apóstolo tamén houbese actividade neste bairro.

4. Magnífico. Estarei disposta a colaborar (sempre que poida) e a participar. Espero que teñan moito éxito e que sexan unha nova oportunidade para que vaimos coñecendo un pouco.



Esther Hervés (basquiños)

1. Resido neste barrio dende hai catro anos e a experiencia está a ser estupenda. De nena vivín nun barrio da Coruña pero a miña adolescencia e xuventude desenvolveuse no Ensanche de Compostela, vir a Basquiños era un proxecto posible que chegou a materializarse grazas aos meus pais.



2. Este barrio é unha das portas tradicionais de entrada e saída da cidade e somos parte do casco histórico, a pesar disto, salvo pequenas intervencións moi puntuais (como a recente eliminación das barreiras arquitectónicas fronte ao Convento do Carme), nótase que hai ben anos que non se realizan melloras a nivel de infraestruturas ou a nivel urbanístico.

Creo que hai unha serie de intervencións que deberían ser atendidas con premura tales como:

- eliminación das barreiras arquitectónicas que aínda permanecen

- substitución ou mellora das canalizacións tradicionais de auga e pluviais
- limitación e control da velocidade na rúa dos Basquiños dado o seu elevado nivel de tránsito
- ampliación ou reorganización das prazas de estacionamento horizontal e dos espazos de carga e descarga para os negocios familiares que aínda subsisten

Outras melloras, a pesar de non seren tan urxentes, corresponderíanse co que agardamos de calquera Cidade Patrimonio Histórico: introdución de arborado e axardinamento, conducción subterránea dos diferentes cableados ou ampliación e mellora das beirarrúas e do mobiliario urbano.

3. Afortunadamente existen iniciativas interesantes no barrio que están a dar saída e resposta aos intereses lúdicos e culturais da mocidade do noso barrio e doutros barrios da cidade. Os meus parabéns para eles por esa inxección de alegría e actividade que conseguen transmitirnos!!!


Non obstante, hai moita xente maior e a pesar de constituír o grupo máis numeroso de habitantes do barrio é tamén o grande esquecido. Gustaríame que no barrio se organizaran actividades encamiñadas ao seu tempo de lecer e á súa revalorización como membros da veciñanza . Pola súa experiencia e coñecemento teñen moito que dicir e non están a ser escoitados.

4. Paréceme estupendo!As festas contribúen á recuperación da identidade do barrio e ao establecemento dun punto de encontro, comunicación e diversión común para todas as xeracións polo que animo á veciñanza a participar delas.





Santa Clara, 20



www.agal-gz.org/gentalha

a gentalha do pichel
santaclara21

PELUQUERIA & ESTETICA

AINA

UNISEX

Mónica Salmonte Vidal

ESTILISTA



Basquiños, 39 Bajo

15704 Santiago de Compostela

Tlf: 981 05 20 34

(Sin cita previa excepto Estética)

Lunes a Viernes: 9:30 a 20:00

Sábados: 9:30 a 15:30

(no cerramos al mediodía)

MARISOL

(Peluquería Mixta)

Solarium

Belleza

(Jornada Continua)

C/ Basquiños Nº 19 B.

15704 Santiago

Telf.: 981 564 819

as pedras do bairro

comissom de memória histórica da gentalha do pichel

É verdade que nom convém viver na perpétua fascinação polo passado como se todo o que nos rodeasse fosse um monumento para louvar, mas de vez em quando nom está de mais parar-se a olhar para sermos conscientes de que nom somos as primeiras pessoas que passam por estas ruas. O que hoje somos, em boa parte, é a herança dos que vivêrom antes que nós.



Queremos propor-vos que reparedes nas casas e ruas deste pequeno bairro situado “de fora de portas”, pertinho da Porta da Pena, e que sejades conscientes de como o tempo foi deixando as suas pegadas até construir o que agora é.

Reparade que, apesar de estar fora do antigo recinto da muralha, a Rua do Espírito Santo tem umha origem medieval: nasceu como um arrabalde do burgo, ao igual que outros bairros tradicionais da cidade como Sam Pedro ou Conxo.

Ainda hoje na porta de muitas casas podemos ver gravados na pedra os símbolos do pinheiro acompanhado do anagrama **SM**, **a concha da vieira ou a águia que marcavam a propriedade por parte do mosteiro de Sam Martinho, o cabildo da catedral ou da colegiata de Sar**. Noutras muitas nom os veremos porque fôrom tapadas polo recebado ou repicado.



Também podemos olhar para a casinha de pedra situada na parte elevada da rua, por cima da fonte, marcada com umha **“cruz potenteia”**



gravada em cima da porta que di “Ministerio de Turismo”. Umha estranha construção que nom é mais que um registro da condução de auga que vem do alto de Vite e chega até o Hostal dos Reis Católicos. A cruz como emblema do antigo hospital, e o letreiro da porta em lembrança da sua transformação em parador quando Fraga era director geral de turismo no governo da ditadura.

Escudos e inscrições também aparecem nos edificios “nobres” do nosso entorno; alguns antigos como os escudos heráldicos em Santa Clara e no Hospital de Sam Roque e outros mais modernos como o da fachada da escola “La Salle”.



Restos todos eles que nos permitem rastejar parte da nossa história, desde que se edificárom as primeiras casas da rua até que o ministério franquista colocou as placas com o símbolo da Falange nos edificios de Ultraia.

Centos de anos tem a antiga rua do Espírito Santo, a “rua de baixo”, e de vez em quando nom está de mais lembrar-se.



CONCURSO de faróis

aprenderemos a fazê-los
no dia 1 de setembro
20h30 na fonte do espírito santo

com este concurso, a comissão de festas pretende recuperar um
dos mais bonitos e tradicionais adornos festeiros do nosso bairro

**o prémio, umha cesta
de produtos do país,
será dado durante
as festas**



a. v. v.
as m. a. r. i. a. s
COMI. DE FESTAS



Cafetería O Parlamento

C/. Pastoriza, n°9 bajo - Telf.: 981 575 006
15704 SANTIAGO

cafetería

san caetano



rúa pastoriza n°15